

D I T A M E

Ditame
11/08

sobre o anteproxecto de
**Lei de ordenación
do comercio interior
de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 12 DE DECEMBRO



Índice

| | |
|---|-----------|
| 1. Antecedentes | 4 |
| 2. DITAME | |
| sobre o anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia | 5 |
| 2.1. Estructura e contido | 5 |
| 2.2. Consideracións xerais | 6 |
| 2.3. Consideracións particulares. | 6 |
| 3. ANEXO | 12 |
| 3.1. Voto particular que presentan as representacións da CIG e do S N CC.OO. de Galicia no Pleno do CES | 12 |
| 3.2. Voto particular que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia | 12 |
| 3.2.1. Con respecto ás consideracións xerais | 13 |
| 3.2.2. Con respecto ás consideracións particulares. | 14 |

1

Antecedentes

1. En data 1 de outubro de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia.
2. O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.
3. O día 03 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 15 de outubro de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.
4. A Comisión Sectorial, na súa sesión 15/08, de data 09 decembro de 2008, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.
5. O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 09/08, de 12 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

2

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia

2.1. Estructura e contido

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación da actividade comercial e mais a ordenación das estruturas comerciais na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de acadar a súa modernización e mellora.

O anteproxecto de lei estrutúrase en oito títulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións finais.

O Título I, contén disposicións de carácter xeral.

O Título II, ten por obxecto establecer as directrices precisas para o adecuado desenvolvemento dos equipamentos comerciais no territorio de Galicia e o réxime xurídico para a implantación dos grandes establecementos comerciais.

O Título III, refírese á regulación dos horarios comerciais.

O Título IV, regula as actividades comerciais de promoción de vendas, procedendo á súa definición e clasificación. Concretamente, considera actividades comerciais de promoción de vendas, as vendas en rebaixas, as vendas de saldos, as vendas en liquidación, as vendas con

desconto, as vendas con obsequio e as vendas directas realizadas por fabricante ou maiorista.

O Título V, contempla as modalidades especiais de venda, considerándose como tales aquelas que non son realizadas nun establecemento comercial aberto ao público de maneira permanente e, especialmente, as vendas a domicilio, as vendas a distancia, as vendas automáticas, as vendas ambulantes, as vendas en poxa pública e as vendas ocasionais.

O Título VI, fai referencia a actividade comercial en réxime de franquía, establecéndose como requisito básico para aquelas persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar en territorio galego esta actividade.

O Título VII, refírese ás actividades feirais como aquelas que teñen por obxecto a exposición, a difusión e a promoción comercial de bens e/ou servizos; fomentar contactos e intercambios comerciais e achegar a oferta dos distintos sectores da actividade económica á demanda, sempre que teñan unha duración limitada no tempo e reúnan unha pluralidade de expositores.

O título VIII, regula a inspección e o réxime de infraccións e de sancións en materia de comercio interior e prevé a creación dunha

escala de inspección de comercio.

2.2. Consideracións xerais

1. O CES valora positivamente o anteproxecto de lei sometido a ditame, que actualiza a normativa vixente en materia de ordenación do comercio interior de Galicia, procedente da lei de 1988.

O CES entende positiva a aposta que nesta norma se realiza por un criterio xeral garantista que prima a adecuación do modelo comercial a un modelo de desenvolvemento auto centrado, endóxico, á mobilidade e accesibilidade da ordenación urbanística, á sostenibilidade para o medio ambiente do modelo comercial, e á protección dos e das consumidoras.

Neste senso, o CES considera positivo o modelo de comercio contemplado, tanto en canto á distribución comercial de proximidade e dos formatos comerciais, como en canto ao modelo de comercio adaptado ao territorio e ás necesidades da poboación.

Finalmente, estender a valoración positiva á elaboración dun Plan Sectorial de Equipamento Comercial, por canto o mesmo debe proxectar un axeitado equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos, e ao concepto de grande establecemento comercial, en función do tamaño da poboación da localidade

2. Obsérvanse frecuentes erros a respecto da correcta aplicación da normativa vixente en materia de escrita do idioma galego, polo que o CES suxire que se someta o texto do anteproxecto a unha completa revisión lingüística.
3. O CES considera que, dado que o anteproxecto de lei reproduce preceptos estatutais ditados no exercicio de competencias estatutais exclusivas, debería levarse

a unha disposición adicional do anteproxecto a determinación de que artigos da lei autonómica están redactados seguindo o establecido na lei estatal de que se trate.

2.3. Consideracións particulares.

1. O CES considera que na **exposición de motivos** do anteproxecto de lei, no primeiro parágrafo da páxina 10, deberíase substituír a expresión: “*modelo de cidade compacta, socialmente cohesionada ...*” por “*... modelo urbano compacto, socialmente cohesionado...*”

O CES entende que se debería de eliminar por redundante, o segundo parágrafo do páxina 10 da exposición de motivos que di: “*Neste sentido, cómpre precisar que coa expresión “cidade compacta” (...) cando esta garante aos cidadáns e cidadás a súa satisfacción.*”.

2. Na **exposición de motivos** do anteproxecto de lei, no seu terceiro parágrafo, o CES suxire substituír a referencia á transposición da Directiva 2006/123/CE que figura “*establecendo como data límite a fins de 2009*”, por unha mención da data concreta.

No parágrafo cuarto da exposición de motivos, o CES considera que se debería de substituír a expresión : “*Transcorridos, polo tanto, case vinte anos desde a aprobación da Lei 10/1988, do 20 de xullo (...)*”, por “*Transcorridos, polo tanto, máis de vinte anos desde a aprobación da Lei 10/1988, do 20 de xullo (...)*”

No parágrafo 17^o da exposición de motivos, na expresión “*está dedicado á consagración do Consello Galego de Comercio*”, tendo en conta que do texto articulado do Capítulo IV do Título I, non se deduce que se pretenda facer ou declarar sagrado a aquel organismo, debería

substituírse o termo “consagración” por outro máis apropiado (regulación, definición...).

No parágrafo 25^o da exposición de motivos, a expresión final “*ut supra*”, pode resultar incorrecta a expensas do paxinado final do texto do anteproxecto, polo que o CES entende máis correcto substituír a citada expresión por “*mencionado anteriormente*”.

No remate da exposición de motivos do anteproxecto, deberíase facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

3. O **artigo 1** do anteproxecto de lei expón o obxecto do mesmo.

Dado que o anteproxecto de lei ten por finalidade ordenar unha actividade concreta, que se define co seu propio nome, o CES entende que onde di “*actividade comercial*”, debería dicir “*a regulación do comercio interior de Galicia*”.

4. O **artigo 2** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia, define o ámbito de aplicación do mesmo.

O CES considera que no **segundo parágrafo do apartado 1** do citado **artigo 2** deberíase substituír a expresión: “... Actividades de mediación ...” por “... Actividades de mediación comercial ...”

5. O **artigo 3** do anteproxecto de lei define os principios reitores

O CES considera que na frase inicial, deberíase eliminar o termo “*reitores*”, por redundante.

Na **letra f)** do **apartado 1**, deberíase suprimir o termo “*maiores*”.

As **letras j)** e **k)**, impropias do alfabeto galego, deberíanse substituír polas seguintes que corresponden segundo a normativa oficial.

O CES propón incorporar unha nova letra neste **apartado 1**, para significar o

principio do respecto dos dereitos laborais das persoas traballadoras e das normas en materia de prevención de riscos laborais en particular.

6. O **artigo 4** do anteproxecto de lei describe o concepto e clases da actividade comercial.

O CES considera que coa definición de “comerciantes”, que figura no parágrafo segundo do artigo 2, así como coas múltiples definicións que figuran ao longo do anteproxecto, sería conveniente elaborar unha táboa ou relación de definicións, que tanto abundan no texto.

Esta técnica permite as persoas interesadas unha mellor comprensión na lectura da norma e conseguintemente, máis seguridade para a súa interpretación.

Neste senso poderíanse citar algunhas definicións contidas ao longo do anteproxecto como poden ser as de as vendas a perda; as en rebaixa; as con desconto, que xa figuran nos artigos correspondentes.

7. O **artigo 7** do anteproxecto de lei sometido a ditame deste Consello regula a ordenación e intervención administrativa da actividade comercial.

O CES considera que no **apartado b)** do **punto 2** do sinalado **artigo 7** deberíase engadir a expresión “... comerciantes e traballadoras do sector ...”

O CES quere chamar a atención de que o sinalado no **apartado 2, letra b)**, pode colidir coa normativa existente en materia de formación para o emprego, e coas competencias doutra consellería do goberno galego.

Igualmente a **letra d)** deste mesmo apartado 2, sendo un obxectivo -estabilidade e crecemento do emprego de calidade no sector- que por suposto é compartido por este Consello, debe terse en conta que pode tamén colidir coas competencias doutra consellería.

8. O **artigo 8** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia regula os dereitos lingüísticos nas relacións comerciais.

O CES considera que no **apartado 1** do sinalado **artigo 8** deberíase eliminar a expresión: “ ... *Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua oficial empregada.*”

O CES entende que se debería eliminar o **apartado 3** do **artigo 8**.

9. O **artigo 15** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia, regula a composición do Consello Galego de Comercio.

O CES considera que no apartado 1, letra c), entre as representacións das diversas consellerías, debería incluírse unha persoa representante da consellería competente en materia de Traballo.

Nesta mesma letra, o CES entende que debería tenderse ao equilibrio entre a representación das organizacións empresariais (7 representantes) e sindicais (3 representantes). O CES considera así mesmo, que a participación de dous expertos, tal como se establece noutros organismos, debería contemplarse con voz pero sen voto.

10. O **artigo 20** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula o Plano sectorial de equipamento comercial

O CES considera que a frase final do apartado 1 “*e deberá emitir informe a Comisión de Equipamentos Comerciais*” quedaría mellor redactada: “*e deberá someterse a informe da Comisión de Equipamentos Comerciais*”.

Así mesmo na letra a) do apartado 2, o inciso “*así como a igualdade das persoas dependentes á referida oferta comercial*”, sería máis correcto “*así como a igualdade no acceso das persoas dependentes á referida oferta comercial*”.

Finalmente, na letra c) deste mesmo apartado 2, a expresión “*velar por unha maior igualdade...*” debería substituírse por “*velar pola igualdade...*”

11. O **artigo 25** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia regula o concepto de grande establecemento comercial.

Nas diferentes letras do apartado 1 deste artigo, deberían expresarse correcta e claramente os umbrais de número de habitantes. Segundo está recollido no anteproxecto, os municipios que teñen 20.000 habitantes poden considerarse incluídos nas letras b) ou c) e os de 15.000 nas letras c) ou d).

No apartado b) do apartado 3, deberían verificarse dúas rectificacións. Por unha parte, introducindo o inciso “*establecementos comerciais*” na segunda frase, que quedaría así: “*agás aqueles establecementos comerciais situados dentro dun mercado municipal*”. Ao final, debería substituír “*parágrafo 1 do presente artigo*” por “*apartado 1 do presente artigo*”.

12. O **artigo 26** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia regula a superficie útil de exposición e venda ao público nos grandes establecementos comerciais. O CES entende que no apartado a) do punto 2 do citado artigo 26 deberíase engadir a expresión: “*Os mostradores, estantes, vitrinas, escaparates, ...*”

O CES considera que no **apartado f)** do **punto 2** do dito **artigo 26** debería eliminarse a expresión: “*... sempre que nesta se desenvolva algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta.*”

13. O **artigo 28** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula os criterios para a concesión de licenza comercial específica.

O CES entende que no apartado 3, a frase “*quedarán perfectamente definidos*”, podería substituírse por “*definíranse concretamente*”.

14. O **artigo 30** do anteproxecto de lei sometido a ditame, regula a Comisión de equipamentos comerciais.

O CES observa que no **apartado c)** do **punto 2** do **artigo 30** non se fai referencia ás representacións Sindicais, Asociacións Intersectoriais de Empresarios e tamén de Consumidores e Usuarios, polo que se propón a inclusión das mesmas.

15. O **artigo 32** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia regula o procedemento de concesión da licenza comercial específica.

O CES entende que no apartado 3, debería engadirse, inmediatamente despois da primeira frase “*ou transcrido o prazo para a súa emisión*”.

16. O **artigo 33** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula a resolución da licenza comercial específica.

O CES considera que a duración máxima de catro meses establecida no punto 1 deste artigo, debería ampliarse sensiblemente, máxime tendo en conta a resolución expresa estimatoria que conleva a conclusión dese prazo. A acumulación dos trámites previstos nos artigos 27.2, 32.2, 32.3 e 32.4 xa levaría a sobrepassar esa duración máxima de catro meses.

Así mesmo, indícase neste precepto que a concesión da licenza non prexulga a concesión das licenzas municipais, que non poderán concederse mentres que aquela non fose outorgada. Dado que a licenza comercial específica pode concederse por silencio administrativo positivo, o CES considera conveniente instar á concreción dun sistema que axilice o coñecemento polos concellos do feito de entenderse estimada a solicitude para a con-

cesión de licenza comercial por silencio administrativo positivo.

17. O **artigo 35** do anteproxecto de lei regula a vixencia da licenza comercial específica.

No apartado 2 establécese que sen prexuízo de que a licenza comercial específica teña carácter indefinido, esta caducará no caso de que o proxecto de instalación do establecemento comercial autorizado non se realizase na súa totalidade no prazo de execución previsto no seu propio proxecto, sinalándose que este prazo non poderá ser superior a dezoito meses contados desde a obtención do resto de autorizacións e licenzas preceptivas, sen prexuízo da posibilidade de prórroga por causas xustificadas. O CES considera que 18 meses non é un período de tempo suficientemente amplo para a conclusión dun proxecto da complexidade da instalación dun grande establecemento comercial, polo que propón ampliar o prazo a 24 meses. Ademais, debería clarificarse no texto do Anteproxecto que “causas xustificadas” permitirían solicitar unha prórroga do devandito prazo. Así mesmo o CES considera que no apartado 3, deberían establecerse os prazos de antelación da solicitude de prórroga e de resolución, de maneira coherente, para evitar a aparición de períodos “vacantes”.

18. O **artigo 36** do anteproxecto sometido a ditame regula os horarios comerciais.

O CES considera que unha vez decidida a elaboración dunha Lei de Comercio Interior de Galicia, esta debe ter un carácter integral e, por tanto, debería incorporarse á mesma todo o referente aos horarios comerciais.

19. O **artigo 43** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia, regula as condicións das vendas de saldo.

O CES considera que, no punto 1 do citado artigo 43, debería eliminarse a expresión: "... ou coa de *"venta de restos"*".

20. O **artigo 48** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula as condicións das vendas con desconto.

O CES considera que non está suficientemente clara a función da última frase da letra a) deste artigo.

21. O **artigo 50** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula as condicións de vendas con obsequio.

O CES entende que no apartado c) do dito artigo 50 debería engadir a expresión: "*Na comunicación obrigatoria...*"

Así mesmo, o CES considera que debería concretarse o alcance do termo "difusión" que figura ao final da letra b) deste artigo.

Ademais, entende tamén, que debería eliminarse a redundancia contida na letra g): "*na normativa vixente e, na lexislación aplicable...*"

22. O **artigo 57** regula as autorizacións nas vendas a distancia.

O CES considera que na redacción do apartado 3, debería sinalarse en primeiro lugar que ese prazo (de catro meses) é o máximo para resolver.

23. O **artigo 59** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia describe o contido das propostas de venda a distancia.

O CES lembra de novo que as letras j) e k) que figuran na clasificación deste artigo, son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden.

24. O **artigo 69** do anteproxecto de lei regula as condicións de vendas automáticas.

O CES entende que no apartado b) do artigo 69 debería engadir a expresión:

"Levar claramente exposto o nome ou razón social, o número de inscrición no correspondente rexistro, ..."

O CES considera que debería engadirse unha nova letra onde figurase a necesidade de que a máquina incluíse a información relativa ás instrucións para a obtención do produto desexado.

25. O **artigo 75** do anteproxecto de lei regula o réxime de autorización nas vendas ambulantes ou non sedentarias.

No apartado 1, sinalase que se deberá preferir aos comerciantes que teñan concertado un seguro de responsabilidade civil. Sen embargo, segundo o art. 72.2.f) este seguro é un requisito inescusable.

26. O **artigo 104** do anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia regula as infraccións graves.

As letras j) e k) que figuran na clasificación deste artigo, son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden.

27. O **artigo 111** do anteproxecto de lei sometido a ditame deste Consello regula a graduación das sancións

O CES considera que neste artigo no que se contén unha serie de parámetros cuxa finalidade é a de graduar a sanción a impoñer en cada caso concreto, o establecido na letra b): "**a situación de predominio do infractor no mercado**", pode entrañar tratamentos inxustos á hora de aplicar as sancións previstas e elo, porque o mero feito de ocupar unha determinada posición nun mercado concreto pode aumentar a gravidade dunha determinada conduta. O CES entende que a potestade sancionadora das administracións públicas debe rexerse, se ben non co mesmo rigor, polos mesmos principios que informan a potestade punitiva do Estado en sentido estrito. A este respecto, debe sinalarse que hai tempo

que o noso ordenamento xurídico abandonou o chamado Dereito Penal da Persoa, para substituílo polo coñecido como Dereito Penal do Feito. Isto implica, entre outras cousas, a prohibición de crear tipos penais (ou infraccións administrativas, como ocorre neste suposto), así como agravantes de tipos existentes (ou de infraccións administrativas), baseados nas características persoais do suxeito infractor. Isto é, que o feito de pertencer a unha determinada nacionalidade ou de posuír unha determinada renda non poden ser circunstancias relevantes á hora de configurar un tipo penal. Por iso, tampouco unha mera circunstancia, como a de ocupar unha determinada posición no mercado, que nada ten que ver coa posible infracción cometida, debería considerarse como agravante da posible

sanción que á devandita conduta lle corresponda.

Por esta razón o CES propón que se tome en conta a posibilidade de suprimir dito punto 1b) do mencionado artigo.

28. O **artigo 109** do anteproxecto de lei regula a contía das multas.

O CES considera que se deberían de modificar as sinaladas contías no seguinte senso:

Apartado a) 60.000 €

Apartado b) 60.001 até 300.000 €

Apartado c) 300.001 até 1.000.000 €.

29. Disposición derogatoria única.

Existe redundancia entre o que se sinala no parágrafo inicial e o incluído na letra e).

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2009

Vº e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martinez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

3

ANEXO

3.1. Voto particular que presentan as representacións da CIG e do S N CC.OO. de Galicia no Pleno do CES

Sen prexuízo do voto favorable que nos merece o conxunto do ditame elaborado pola Comisión Sectorial 1 sobre o anteproxecto de Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, temos que expresar a nosa non conformidade co que se manifesta na consideración particular nº 8, en relación co artigo 8 do anteproxecto.

Consideramos que o texto que se recolle no anteproxecto de lei, neste artigo adicado aos “**Dereitos lingüísticos nas relacións comerciais**” é conveniente que se manteña integramente, en contra do criterio reflexado no ditame que propón a supresión de parte do apartado 1 e da totalidade do apartado 3 do devandito artigo 8.

Como xa manifestamos na Comisión Sectorial, tanto a expresión “*Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua oficial empregada*” contida no apartado 1, como o conxunto do apartado 3 “*Nas relacións entre os establecementos comerciais e as persoas compradoras seguiranse as directrices previstas no Plan xeral de normalización da lingua galega. O departamento*

da Xunta de Galicia con competencias en comercio velará polo cumprimento delas”, entendemos que deberían conservarse no proxecto de lei, pois son de indubitado interese para a defensa e promoción do idioma propio de Galicia que incumbe aos poderes públicos.

3.2. Voto particular que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia

O anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación da actividade comercial e mais a ordenación das estruturas comerciais na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de acadar a súa modernización e mellora.

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar algunhas consideracións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no texto do Ditame ao Anteproxecto de Lei e que motivan que a CEG non poda manifestar o seu voto positivo ao devandito Ditame, aínda que haxa que recoñecer os esforzos de todas as organizacións representadas na Comisión Sectorial nº 1 do Ces para chegar a un texto aprobado polo maior consenso posible.

3.2.1. Con respecto ás consideracións xerais

A CEG non pode manifestar a súa conformidade coa primeira consideración xeral, debido ás observacións xa manifestadas no debate no seo da Comisión sectorial nº 1, **SOBRE A OPORTUNIDADE E A NECESIDADE DE MAIOR MOTIVACIÓN DA NORMA.**

En opinión do Grupo Segundo, resulta imprescindible que se xustifique e motive suficientemente a norma que estamos a considerar, pois a exposición de motivos non é pormenorizada e detallada na xustificación da súa oportunidade, se ben a Confederación de Empresarios de Galicia coincide na necesidade de actualizar a normativa reguladora do comercio na nosa comunidade autónoma, transcorrendo vinte anos desde a aprobación da Lei 10/1988, debido aos cambios experimentados nestas dúas últimas décadas, a CEG considera que sería necesaria unha máis completa explicación das finalidades e oportunidade da norma que facilite a interpretación do articulado e que se fixe axeitadamente o punto de partida e o que pretende a nova regulación da actividade comercial en Galicia.

Na nosa opinión calquera iniciativa legislativa de contidos estruturais debe ter a súa orixe na dispoñibilidade dunha avaliación da situación do sistema comercial de Galicia, avaliación que debera ser achegada como un elemento de xustificación e oportunidade da norma, elemento que ademais debera servir como xustificación dos distintos criterios que establece a proxectada regulación ante a Comisión Europea, debido ás obrigas de notificación que recaen nos estados membros trala aprobación da Directiva 2006/123/CE, que establece a necesidade da comprobación ex ante do axuste da norma ás condicións esixidas pola propia directiva, pois efectivamente establece que a partir da data do 28 de decembro de 2006, os Estados membros absteranse de introducir novas regulacións de autorización que conteñan requisitos dos sinalados no art. 15.2 da Directi-

va sen comprobar previamente o seu axuste ás condicións esixidas por esta, e sen notificar á Comisión a adopción das devanditas normas, e máis tendo en conta que a propia asesoría xurídica xeral manifestou as súas dúbidas sobre a coherencia da norma proxectada á luz da propia Directiva.

Por iso debe terse en conta a limitación da discrecionalidade da Administración de acordo cos límites de prohibición de duplicidade de condicións e a prohibición de proba económica para o desenvolvemento dunha actividade, aspectos que producen dúbidas na confrontación cos preceptos da Directiva:

- a) En primeiro lugar, os criterios que permiten limitar a liberdade de establecemento cando concorran tres condicións acumulativas (art. 9):
 - Non discriminación.
 - Xustificación por unha razón imperiosa de interese xeral.
 - Proporcionalidade.
- b) E, en segundo lugar, debe prestarse especial atención á regulación da simplificación administrativa, en canto aos obstáculos administrativos que obstaculizan o acceso á actividade de servizos (simplificación procedemental, redución dos requisitos formais e ventá única).

A oportunidade da norma que, se ben na data dos primeiros borradores non se poñía en dúbida, e que están datados no ano 2006, no momento actual si é certamente dubidosa se se ten en conta que o escenario xurídico pode verse modificado nas próximas datas, debido precisamente á aprobación da devandita Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, e nunha dobre vertente:

- En primeiro lugar, porque nos atopamos nun período de transición que se mantendrá ata que se proceda á incorporación da

norma comunitaria a nivel estatal. Efectivamente esta incorporación debe producirse antes da finalización de 2009 e, para estes efectos, xa se iniciaron consultas sobre o Borrador de anteproxecto de lei sobre o libre acceso e exercicio das actividades de servizos, futura Lei de transposición da directiva, pero mesmo iso non exime de que poidan producirse importantes modificacións na normativa básica estatal (Lei 7/1996, do 15 de xaneiro de 1996, de Ordenación do comercio retalista).

- En segundo lugar, porque neste *interim* de período de transposición as leis das comunidades autónomas, aínda respectando o ámbito material de competencias de cada organización territorial, arríscanse a posteriores reformas derivadas da acción estatal de incorporación da directiva e a coordinación entre administracións, por exemplo, á hora de regular determinados aspectos como a denominada “ventá única” e é este un risco maior á luz da cada vez máis próxima finalización do prazo de transposición da directiva en decembro de 2009.
- En terceiro lugar porque na data de elaboración do Ditamen do CES atopábanse en fase de trámite de audiencia as Directrices de ordenación do territorio, directrices que determinarán o contido do Plan sectorial de equipamento comercial que se regula no art. 20.

3.2.2. Con respecto ás consideracións particulares.

Art. 8. Dereitos lingüísticos nas relacións comerciais. En opinión do Grupo Segundo, aínda cando se poida entender a intención da Xunta de establecer unha política transversal á difusión lingüística da lingua galega, parece cando menos de dubidosa legalidade a esixencia imperativa de que “a sinalización dos car-

teis informativos e documentos de oferta de servizos para os consumidores” deban ser, polo menos, en galego, cando ademais se debe considerar esta norma de acordo co aptdo. 1 do mesmo precepto que sinala o rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos das persoas consumidoras (isto é: galegofalantes ou non). Por outra parte, a introdución deste apartado no art. 8 obrigará a facer importantes cambios na sinalética dos establecementos comerciais nun breve prazo de tempo, para adaptarse á norma, tendo que asumir un importante custo económico que non se pode valorar como oportuno no momento e escenario económico polo que están a atravesar as nosas empresas.

Art. 15. Composición do Consello Galego de Comercio.

Estando de acordo co necesario equilibrio entre as representacións das organizacións empresariais e sindicais no Consello Galego de Comercio, manifestado no texto do Ditame, os representantes do Grupo Segundo consideran que a norma debería considerar o nomeamento de alomenos tres persoas designadas pola organización empresarial máis representativa de Galicia, para gardar precisamente ese necesario equilibrio cos representantes das centrais sindicais con maior representación en Galicia.

Por outra banda, figuras que son expresión de políticas concretas en materia de comercio interior aparecen aquí, sen delimitación xurídica precisa, como realidades mesmo con capacidade xurídica e ata representativa.

Referímonos aos centros comerciais abertos, representados no Consello Galego de Comercio, e cuxa representación deba quedar reconducida na norma á designada pola organización empresarial máis representativa de Galicia, no seguinte sentido:

Unha persoa representante dos Centros

Comerciais abertos de Galicia, **designada pola organización empresarial máis representativa de Galicia.**

Art. 25. Concepto de grande establecemento comercial. Abundamos no xa sinalado na consideración xeral, sobre a necesidade de motivar os criterios que se establecen neste precepto, para definir o grande establecemento comercial, tendo en conta de novo o estipulado no art. 15.2 da Directiva 123/2006.

Art. 26. Superficie útil de exposición e venda ao público.

A superficie útil de exposición é o único parámetro que determina que un determinado local deba solicitar ou non unha licenza comercial específica. É preciso que se delimite con claridade e de forma precisa que zonas do establecemento deben computar como tal. Consideramos que a definición de superficie útil debería ser matizada non incorporando os seguintes apartados:

a) A sección a), do n.º 2 do art. 26 computa como superficie de venda, entre outras, as cámaras de almacenamento de mercadoría. Pois ben, entendemos que é contradictorio co espírito do propio art. 26.º e, en concreto, co indicado no n.º 3 do art. 26.º na súa sección primeira, na que expresamente se exclúen as dependencias non accesibles ao público en xeral e nas que non se desempeña unha actividade comercial directa. Este mesmo argumento é válido para non computar como sala de vendas os talleres, así como o resto de superficies destinadas á preparación, almacenamento, reparación ou elaboración de mercadorías (especialmente cando se trata de superficies ás que o público non pode acceder), xa que as mencionadas zonas son, realmente, espazos internos destinados nalgúns ca-

sos a proporcionarlle ao consumidor maior confort e rapidez no momento de realizar as súas compras e, noutros casos, superficies destinadas exclusivamente á preparación, reparación ou elaboración de mercadorías non visibles polo público, sen que en ningún momento se realice calquera actividade comercial.

b) “*zona ocupada polas persoas vendedoras detrás do mostrador, aínda que esta non teña acceso ao público*”. Nestas zonas realízanse funcións de carácter informativo, asistencial ao consumidor e de venda directa. Nelas non está exposta a mercadoría nin os artigos á venda como sucede no caso de estantes ou expositores.

c) “*superficie destinada á preparación ou á reparación de mercadorías visibles polo público, aínda que non sexan accesibles*”. Nas superficies recollidas nesta letra non concorren os dous aspectos que condicionan a superficie útil de venda e exposición ao público: que se expoñan produtos e que estes sexan para a venda, carece de sentido cualificar deste modo as áreas destinadas a reparación e preparación, que por circunstancias conxunturais ou de imaxe estean visibles ao público.

f) Por outro lado, o n.º 2 do artigo 26.º, na súa letra f), computa como superficie de vendas a liña de caixas rexistradoras, así como a zona entre estas e a saída, sempre que nesta se realice algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta. A este respecto, entendemos que se debería esclarecer aínda máis na presente definición o que se entende por liña de caixas e actividade de promoción comercial. Así é coñecida a disposición nas referidas zonas de carros e cestas que

lles facilitan aos clientes a súa compra, podéndose chegar a interpretar que a simple disposición destes carrros puidese ser contemplada como actividade comercial. Asimesmo, as escaleiras e corredores sitos fora da sala de exposición e venda non deberían computar xa que neles non se realiza actividade de exposición e venda, ao igual que ocorre con outros espazos excluídos.

Art. 27. Operacións suxeitas a licenza comercial específica.

Na nosa opinión, algunhas das operacións suxeitas a licenza comercial específica que se relacionan no artigo 27 do anteproxecto nada teñen que ver con razóns de interese xeral tal como están delimitadas na xurisprudencia comunitaria e que basicamente se refiren á protección do medio e do ámbito urbano, á protección da saúde e da orde pública e á protección dos consumidores.

Referímonos especialmente á modificación estrutural dun establecemento comercial, ao cambio de actividade ou de sector de comercio, á reapertura dun establecemento que permaneceu pechado máis dun ano e ao cambio do titular da empresa que explota a licenza comercial.

Propoñemos polo tanto que estes supostos non estean suxeitos á obtención dunha licenza comercial.

Art. 28. Criterios para a concesión da licenza comercial específica.

Debe chamarse a atención sobre o feito de que o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TXCE) precisou que o réxime de autorización non pode lexitimar un comportamento discrecional das autoridades nacionais que prive de eficacia ás disposicións comunitarias. Iso implica a necesidade de que o réxime deseñado se basee en criterios obxectivos, non discriminatorios e coñecidos de antemán polas empresas, de forma que que-

den establecidos os límites do exercicio da facultade de apreciación polas autoridades competentes, co obxectivo da interdicción da arbitrariedade. Estes principios deberían aplicarse aos criterios regulados no art. 28 do anteproxecto que posúen na nosa opinión un contido excesivamente valorativo e discrecional e que en todo caso deberan ser sempre criterios de interese xeral establecidos na xurisprudencia do TXCE como a saúde pública, a protección do entorno urbano, a protección dos consumidores e mesmo a sanidade animal.

Art. 30. Comisión de equipamentos comerciais. O precepto proposto modifica a estrutura actual da Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais, na que na actualidade existe representación da organización empresarial mais representativa de Galicia.

Manifestando a nosa total conformidade coa consideración particular do texto do Ditame sobre este artigo, para o Grupo Segundo é necesario matizar que a redacción proposta polo Anteproxecto deriva dunha interpretación incorrecta da prohibición, establecida pola Directiva de servizos, da presenza directa ou indirecta de competidores nos procedementos de concesión das licenzas comerciais.

Neste sentido cabe sinalar que a Confederación de Empresarios de Galicia non pode ser considerada como “competidora” na interpretación literal da directiva, pois trátase neste caso dunha organización que non defende concretos intereses comerciais, senón que en todo caso intereses xerais como o de liberdade de empresa.

Por este motivo solicitamos o mantemento da representación e participación da CEG na Comisión de Equipamentos Comerciais.

Art. 109. Contía das multas. O Grupo Se-

gundo manifesta o seu absoluto rexeitamento coa consideración particular a este precepto reflexada no texto do Dita-me. Preténdese incrementar a contía das sancións moi sustancialmente con respecto ás establecidas no texto do Anteproxecto, así elévanse as infraccións leves de 3000 a 60.000€, as infraccións graves do tramo de 3001 - 30.000€ a 60.001-300.000€, e as moi graves de 30.001 - 600.000€ a 300.001 - 1.000.000€.

Esta proposta de incremento adolece dunha falta de xustificación e de motivación. Así, unha simple inobservancia sen repercusión económica e sen perxuízo para os consumidores podería levar ao peche ao establecemento comercial de aceptarse o incremento proposto. En opinión do Grupo Segundo, as contías establecidas no texto do anteproxecto xa son suficientes, tendo en conta ademais a coxuntura pola que están a atravesar as empresas do sector comercial.

Art. 113. Procedemento sancionador. Establece este artigo a duración do procedemento sancionador nun ano. Este prazo en opinión da CEG é excesivo, tendo en conta que a regra xeral son seis meses (artigo 20 do Regulamento para o exer-

cicio da potestade sancionadora). Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, propoñemos que o prazo máximo para resolver este procedemento sancionador sexa de 6 meses.

Disposición transitoria primeira. Establece esta Disposición que as solicitudes de licenzas comerciais específicas que estean en tramitación á entrada en vigor da lei continuarán a súa tramitación conforme o procedemento establecido na normativa vixente ao tempo da solicitude, se ben resolveranse atendendo aos criterios establecidos no artigo 28 da presente lei.

Ao noso entender non cabe aplicar con carácter retroactivo a nova regulación comercial (en canto aos criterios establecidos no art. 28) pois o devandito carácter resulta prohibido polo artigo 9.3 da Constitución Española que garante a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos, sendo que diferentes sentenzas do Tribunal Constitucional (STC 1990/1997 e 1990/46) proclaman a irretroactividade das normas cando afecten a dereitos individuais, é dicir, dos dereitos fundamentais, sendo eles o da liberdade de empresa e establecemento.



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org